



## **CIRCULAR 100-2026.** **CONTROL FGA -03/05/2026**

**Art.1)** A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 3 de maio de 2026 no CGTD de Pontevedra.

**Art.2)** Poderán participar atletas con licenza en vigor, dende a categoría Sub 10 nas súas probas oficiais.

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 27 de abril.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026.No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.
- Terán preferencia primeiro os atletas sen marca e despois aqueles con mellores marcas.
- En caso de necesidade farase un sorteo entre os atletas sen marca.
- Terá preferencia aquel deportista que non teñan ningunha proba fronte o que xa estee incluído nunha proba, polo tanto deberan reflexar no campo observación a preferencia de participación.,

**Art.4).-** Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 29 de abril e serán remitidas a [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal)

**Art.5)** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

**Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.**



**Art.6)** Horario provisional

HORARIO CONTROL 03/05/2026				
HORA	CARREIRAS	CAT/MODALIDADE	LANZAMENTOS	LONXITUDE
10:00	1000	Sub 14-12-10 Homes	Disco Sub 14 H-M	Sub 14 H-M
10:20	1000	Sub 14-12-10 Mulleres		
10:40	500	Sub 14-12-10 Homes		
11:00	500	Sub 14-12-10 Mulleres	Peso Sub 14 H-M	
11:20	80	Sub 14 Homes		Sub 12 H-M
11:40	80	Sub 14 Mulleres		
12:00	60	Sub 12 Homes	Peso Sub 10 H-M	
12:20	60	Sub 12 Mulleres		
12:40	50	Sub 10 Homes		Sub 10 H-M
13:00	50	Sub 10 Mulleres	Peso Sub 12 H-M	
13:30	100	Abs H		
13:45	100	Abs M		

**Art.7).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

**Art.8).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 23 abril de 2026

Yolanda González Fernández  
**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**